

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Febreiro 2006 COMUNICADO

### En febreiro de 2006 proseguíu a desaceleración no crecemento dos prezos das importacións e das exportacións.

**O índice de prezos das exportacións creceu un 1,9% en febreiro de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 1,9% en febreiro de 2006 con respecto a febreiro de 2005. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada igualmente un crecemento do 1,9%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo e os bens de equipo creceron un 3,3%, e un 4,8% respectivamente. Pola contra, os bens intermedios diminuíron un 2,8%

**O índice de prezos das importacións creceu un 8,5% en febreiro de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.**

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 8,5% en febreiro de 2006 con respecto a febreiro de 2005. Corrixido de estacionalidade os prezos das importacións creceron un 8,6%.


Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 13,1%, os bens de equipo un 2,4% e os bens intermedios un 7,5%.

### Índices de valor unitario. Febreiro 2006. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	98,1	1,9%	2,3%
Importacións/introduccións	103,7	8,5%	10,5%
<b>Datos corrixidos de estacionalidade</b>			
Exportacións/expedicións	98,0	1,9%	2,4%
Importacións/introduccións	105,1	8,6%	10,5%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



**FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior**

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)